

## **BASES PARA O SEGUNDO CONCURSO DE RELATO CURTO EDICIÓN 2017**

### **1.<sup>a</sup>**

#### **PARTICIPANTES, AUTORÍA E ORIXINALIDADE DAS OBRAS**

Poderán participar neste concurso todos os escritores maiores de 16 anos, calquera que sexa a súa nacionalidade, que presenten relatos orixinais, inéditos e escritos en castelán ou en galego.

A presentación dun relato ao concurso implica necesariamente a aceptación íntegra e incondicional das bases descritas no presente documento.

Así mesmo, os participantes garanten:

- A autoría e a orixinalidade da obra presentada, así como que esta non se trata dunha copia, nin dunha modificación total ou parcial de ningunha outra obra propia ou allea.
- O carácter inédito da obra presentada e a súa titularidade exclusiva.
- Que a obra non estea sometida a ningún outro concurso pendente de resolución.

### **2.<sup>a</sup>**

#### **TEMÁTICA DA OBRA**

A temática abordará a enfermidade de alzhéimer enfocada desde a visión da propia persoa enferma, a familia, os cuidadores, as relacións avós-netos, a percepción da sociedade respecto das enfermidades neurodexenerativas, ou as relacións sociais da persoa enferma ou dos cuidadores familiares.

### **3.<sup>a</sup>**

#### **CATEGORÍAS**

Establécense dúas categorías. Cada unha delas premiará a mellor obra escrita nos dous idiomas admitidos, castelán e galego. Unha mesma obra non pode concorrer a ambas as categorías por medio da súa remisión nos dous idiomas.

#### 4.<sup>a</sup>

### PRESENTACIÓN DE OBRAS AO CONCURSO

A extensión dos orixinais será dun máximo de tres folios (1000 palabras) e un mínimo dun folio e medio (500 palabras), a unha cara, tamaño DIN A-4, en letra Arial, tamaño 12 e interlineal de 1,5 liñas. Ademais, levará unha portada onde aparecerá o título da obra; o pseudónimo do autor ou autora, se o houberse, non é indispensable. Este documento levará por nome o título do relato.

Así mesmo, nun documento anexo, figurará de novo o título da obra, o pseudónimo do autor/a, en caso de habelo, e o nome e apelidos, xunto co seu enderezo completo, número de teléfono e copia do Documento Nacional de Identidade ou Pasaporte (pode ser unha imaxe escaneada ou fotocopia). Este documento levará por nome o título do relato seguido da palabra “datos”.

As obras serán presentadas de forma dixital (online). Soamente se pode presentar un traballo por autor/a.

Os traballos, nas condicións anteriormente establecidas, poderán enviarse por correo electrónico a [comunicacion@afaga.com](mailto:comunicacion@afaga.com) ata o 15 de marzo do 2017.

#### 5.<sup>a</sup>

### XURADO E VOTACIÓN

O xurado, cuxa composición se dará a coñecer ao emitirse a resolución, terá as facultades de outorgar ou declarar deserto o premio e de emitir a resolución, así como de interpretar as presentes bases. A decisión do xurado será inapelable.

**A resolución será dada a coñecer o 31 de marzo do 2017 a través dos distintos medios de comunicación de AFAGA: web, facebook, twitter, e blog.**

#### 6.<sup>a</sup>

### PREMIO

**Será premiado o mellor relato de cada unha das categorías, consistindo o premio nunha tablet Samsung Galaxy ou similar para cada unha delas.** A súa entrega realizarase nun prazo de 15 días, unha vez que o xurado emita a resolución.

Os nomes dos gañadores/as, así coma dos finalistas, serán publicados no blog, na web de AFAGA, [www.afaga.com](http://www.afaga.com), e en Facebook e Twitter.

## 7.<sup>a</sup>

### **CESIÓN DE DEREITOS E PUBLICACIÓN DAS OBRAS**

AFAGA dispoñerá de todas as obras presentadas para a súa publicación na forma e maneira que crea oportuno, salvo comunicación previa, expresa, fidedigna e por escrito do contrario por parte dos escritores participantes.

No momento en que unha determinada obra sexa seleccionada para a súa publicación se identificará o autor ou autora desta, salvo que designase pseudónimo coa intención de preservar o seu anonimato.